



# REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

## CONCERTO DIDÁCTICO “DAS TEBRAS Á LUZ”

### Guía para o profesorado

Pablo Devigo Vázquez

#### 1. Descrición

O presente programa didáctico que está a ofrecer a Real Filharmonía de Galicia está motivado pola capacidade de certa música para explorar, por unha banda, as emocións negativas e aquilo que nos da medo e, por outra, de servir de catarse e traer esperanza ao ouvinte. As rapazas e rapaces serán capaces non só de escoitar conceptos musicais en funcionamento e familiarizarse co funcionamento da orquestra, senón que ademais poderán sentir como diferentes xeracións de compositores plasmaron as máis variadas facetas emocionais da condición humana na súa creación artística.

Ademáis, o repertorio conta con obras coas que xa están amplamente familiarizados, como é o caso das bandas sonoras de películas de Hollywood, pero tamén con algunha das obras máis relevantes do repertorio sinfónico. Deste xeito poderán trazar paralelismos entre ámbolos grupos (o clásico e mailo popular, o familiar e mailo descoñecido), o que lles facilitará o recoñecemento de elementos comúns entre as diferentes obras co obxectivo de ampliar os seus horizontes musicais, estimular a súa curiosidade e, en definitiva, a súa paleta de sons.



## Programa

- Stravinsky: O paxaro de lume - Danza Infernal
  - Ballet baseado en lendas da tradición Rusa, estreado en París en 1910.
  - Este fragmento describe ao mago maléfico Kaschéi.
  - Stravinsky utiliza a inestabilidade rítmica das sincopas e mailo uso intensivo do intervalo de tritono para representar o mundo demoníaco no que se ambienta a acción desta parte do ballet.
- M. de Falla: El Amor Brujo – Danza ritual do Lume
  - Ballet estreado en Madrid en 1915 e revisado para orquestra sinfónica en 1925.
  - Profundamente influenciado pola música folclórica española e mailo flamenco.
  - Neste fragmento Candelas, a protagonista, intenta afastar os malos espíritos.
  - Falla utiliza a textura orquestral e especificamente a figura do *trino* para xerar a imaxe do sobrenatural na que se basea a historia.
- J. Williams: Harry Potter e a pedra filosofal – O voo de Hedwig
  - Fragmento da Banda Sonora da segunda película da saga de Harry Potter.
  - John Williams tenta representar o voo da curuxa Hedwig utilizando recursos instrumentais da orquestra tales coma escalas vertixinosas, *trinos* e *glissandi*.
  - A maxia da historia está simbolizada pola escolla da celesta como instrumento central deste fragmento, así coma outros instrumentos de percusión que engaden fantasía á orquestración.
- M. Mussorgsky (arr. Rimsky-Korsakov) – Unha noite no Monte Pelado
  - Poema sinfónico composto en 1867, cando Mussorgsky tiña 28 anos, pero nunca foi escoitado durante a súa vida. Arranxado por Rimsky-Korsakov e estreado en 1886.



- A representación da forza da natureza é un elemento fundamental na concepción desta obra, e particularmente na súa orquestración. Por exemplo, podemos escoitar a imitación do vento na forma de escalas na sección de vento-madeira da orquestra.
- J. Williams: Suite de Star Wars (fragmentos)
  - Banda sonora da celebrada A Guerra das Galaxias de George Lucas.
  - Escoitaremos os coñecidos *Títulos de Inicio* e maila *Marcha Imperial*, tradicionalmente asociada á personaxe de Darth Vader.
- G. Puccini: Manon Lescault – Intermezzo
  - Fragmento Instrumental ao final do segundo acto da ópera, que simboliza a desesperación de Des Grieux ao saber que a súa amada, Manon Lescault, foi presa.
  - É particularmente notable a nostalxia e a dor palpables neste fragmento da ópera, aínda cando non hai voz (e por tanto tampouco texto) que apoiem a acción.
- Stravinsky: O paxaro de lume - Finale
  - Conclusión do ballet co que comezamos este programa.
  - Este fragmento representa a vitoria das forzas do ben sobre o mal, e a conclusión da tensión creada na primeira das obras deste programa.

## 2. Obxectivos

### 2.1. Obxectivos Musicais

- Recoñecer e reproducir intervalos melódica e harmónicamente, e organizar os distintos tipos segundo o seu nivel de consonancia.



- Distinguir diferentes tipos de textura orquestral (homofónica, polifónica, melodía acompañada, etc.).
- Identificar diferencias na instrumentación dunha obra e valorar a súa capacidade expresiva.
- Coñecer as características de diferentes xéneros sinfónicos (ópera, poema sinfónico, ballet e banda sonora).
- Diferenciar os conceptos de Música Programática e Música Absoluta.

## 2.2. Obxectivos Relacionados coa Intelixencia Emocional

- Desenvolver competencias de Intelixencia Emocional interpersonal, como a empatía, por medio da habilidade para identificar emocións plasmadas de maneira metafórica na música.
- Estimular competencias de Intelixencia Emocional persoal, como a conciencia dun mesmo e a autorregulación, por medio da experiencia musical e a contemplación.

## 2.3. Obxectivos Interdisciplinarios

- Trazar paralelismos entre a obras incluídas no programa e procesos históricos, ideolóxicos e culturais, como por exemplo:
  - O nacionalismo da primeira parte do século XX na creación artística de Manuel de Falla.
  - A presenza de certos valores románticos (tales coma o individualismo, o naturalismo e a subxectividade) na música de Mussorgksy.



- A relevancia de París como centro cultural no período de entre guerras, e a presenza de varios dos compositores mencionados no programa naquel entorno.
- Estimular o pensamento crítico, a curiosidade e mailo pensamento lateral por medio do descubrimento de conexións entre as obras, outras materias e experiencias persoais do ouvinte.

### 3. Orientacións para o Estudo e Actividades Suxeridas

#### 3.1. Práctica dos Intervalos

- escoitar e interpretar (por ex. con instrumentos Orf) os diferentes tipos de intervalos (segunda menor e maior, terceira menor e maior, cuarta xusta e aumentada, quinta xusta, sexta menor e maior, sétima menor e maior, e oitava) de maneira melódica e harmónica, para apreciar as súas calidades acústicas e nivel de consonancia.
- Aprender a identificar os distintos intervalos de maneira teórica a partir do número de semitóns que os integran.
- Aprender a recoñecer cada tipo de intervalo de maneira auditiva.

#### 3.2. Análise auditivo e visual da textura

- Aprender a diferenciar unha textura homofónica (por ex. *A Catedral Sumexida de Debussy*<sup>1</sup>) dunha textura polifónica (por ex. unha das fugas do *Arte da Fuga* de J.S. Bach<sup>2</sup>), tanto auditiva coma visiblemente, coa axuda de material audiovisual.

---

<sup>1</sup> <https://www.youtube.com/watch?v=tL6PS4ENN9U>

<sup>2</sup> <https://www.youtube.com/watch?v=Y9OUfBDIGhw>



- Aprender a diferenciar os diferentes elementos dunha textura orquestral complexa (por ex. *Unha Noite no Monte Pelado* de Mussorgsky<sup>3</sup>) auditiva e visiblemente.
- Utilizar metáforas plásticas (*rugosidade, luminosidade, densidade*) para describir as propiedades texturais dunha obra, incentivando a imaxinación e a competencia verbal (por ex. *A Danza Ritual do Lume*<sup>4</sup> de Manuel de Falla).

### 3.3. Escoita guiada

- Escoitar unha das obras programáticas no repertorio (por ex. *Unha Noite no Monte Pelado* de Mussorgsky<sup>5</sup>) centrando a atención nos elementos metafóricos (imitación da natureza) e emocionais (estados de ánimo ou *afectos*) e musicais (forma, orquestración, textura, etc.) presentes na obra.
- Crear individualmente unha narrativa orixinal para unha das obras co obxectivo de estimular a imaxinación e a asociación entre elementos musicais e emocionais.

## 4. Materiais recomendados

### 4.1. Recursos *Online* sobre Intervalos

<https://escuelaonlinedemusica.com/lenguaje-musical/intervalos-musicales-guia-paso-a-paso/>

---

<sup>3</sup> <https://www.youtube.com/watch?v=by4khgR7Q5k>

<sup>4</sup> <https://www.youtube.com/watch?v=uUir35I5y8U>

<sup>5</sup> <https://www.youtube.com/watch?v=by4khgR7Q5k>



## 4.2. Vídeos con Partitura

- *Danza Ritual do Lume* (M. de Falla):

<https://www.youtube.com/watch?v=uUir35l5y8U>

- *Unha Noite no Monte Pelado* (M. Mussorgsky):

<https://www.youtube.com/watch?v=by4khgR7Q5k>

## 4.3. Exemplos sobre Textura

- *A Catedral Sumerxida* (C. Debussy):

<https://www.youtube.com/watch?v=tL6PS4ENN9U>

- *O Arte da Fuga* (J. S. Bach):

<https://www.youtube.com/watch?v=Y9OUfBDIGhw>

## 4.4. Información sobre os Intérpretes

- Web da orquestra, a Real Filharmonía de Galicia:

<http://www.rfgalicia.org/gl/>

- Web do director dos concertos pedagóxicos, Pablo Devigo:

<https://pablodevigo.com>



#### 4. Glosario Relevante<sup>6</sup>

- Celesta: instrumento de teclado en forma de pequeno piano vertical, patentado polo fabricante Charles Victor Mustel. O son prodúcese cando placas metálicas (xeralmente de aceiro) suspendidas sobre caixas de resonancia son golpeadas por martelos.
- Diabolus in Musica ou Demo na Música: expresión pola que se refería ao intervalo de cuarta aumentada ou tritono na Idade Media.
- Escala: secuencia de notas en orde ascendente ou descendente de altura.
- Glissando (pl. glissandi): termo usado xeralmente como instrución para executar unha pasaxe nun movemento rápido e deslizante.
- Intervalo: distancia entre dúas notas. O termo *intervalo harmónico* (en oposición a *intervalo melódico*) indica que se considera que se escoitan simultaneamente. Os intervalos son tradicionalmente etiquetados segundo o número de semitóns que conteñen.
- Libretto: libro impreso ou manuscrito que contén o texto literario, tanto cantado como falado, dunha ópera (ou outra obra musical). A palabra tamén pasou a significar o propio texto de dita obra.
- Nacionalismo (música): refírese ao uso de materiais ou temas que son recoñecibles como nacionais ou rexionais, tales como a influencia da música folk, e o emprego de melodías, ritmos e harmonías inspiradas neste tipo de música; tamén inclúe o uso do folclore como base conceptual, estética e ideolóxica das obras programáticas ou das óperas.

---

<sup>6</sup> Definicións extraídas do New Grove Dictionary en:  
<https://www.oxfordmusiconline.com/grovemusic>





- Ópera: concibida de forma máis específica, a palabra *ópera* significa un drama no que os actores cantan durante todo o tempo. Hai, non obstante, excepcións entre as obras operísticas de Occidente - tantas obras chamadas popularmente óperas nas que se falan ou se mímican algunhas partes - que a palabra debería definirse de xeito máis xenérico como un drama no que os actores cantan nalgunhas ou en todas as súas partes.
- Orquestración ou instrumentación: arte de combinar os sons dun grupo de instrumentos (unha orquestra ou outro conxunto) para formar unha mestura e un equilibrio satisfactorios. O termo *orquestración* úsase a miúdo para designar o oficio de escribir idiomáticamente para os instrumentos da orquestra.
- Poema Sinfónico: forma orquestral que floreceu na segunda metade do século XIX e a principios do XX, xeralmente nun só movemento; aínda que está relacionado coa ópera e coa música cantada na súa perspectiva estética, é distinta delas pola súa exclusión dun texto cantado. En moitos sentidos representa o desenvolvemento máis sofisticado da música instrumental programada na historia da música.
- Romanticismo: movemento ou, máis comúnmente, período da historia cultural. Cando se entende como período, o romanticismo adoita identificarse coa primeira metade ou con todo o século XIX.
- Síncopa: desprazamento regular de cada ritmo nun patrón medido na mesma cantidade por diante ou por detrás da súa posición normal nese patrón. Calquera liña musical sincopada pode ser percibida como contraria ao pulso que establece a organización da música en compases.
- Timbre: termo que describe a calidade tonal dun son; dise que un clarinete e un óboe que soan a mesma nota ao mesmo volume producen timbres diferentes. A percepción do timbre é unha síntese de varios factores



- Trino: tipo de adorno que consiste nunha alternancia máis ou menos rápida da nota principal coa que está un ton ou semitón por riba dela.
- Tritono: intervalo musical equivalente á suma de tres tons, xeralmente considerado disonante.
- Textura: termo empregado para referirse aos aspectos sonoros dunha estrutura musical. Isto pode aplicarse aos aspectos verticais dunha obra ou pasaxe, por exemplo a forma en que se unen partes ou voces individuais, ou a atributos como a cor do ton ou o ritmo, ou a características da interpretación como a articulación e o nivel dinámico. Nas discusións sobre a textura faise xeralmente unha distinción entre a *homofonía*, na que todas as partes dependen ritmicamente unhas doutras ou hai unha distinción clara entre a parte melódica e as partes acompañantes que levan a progresión harmónica, e tratamento *polifónico* (ou contrapuntístico), no que varias partes se moven de forma independente ou imitando unhas a outras (p. ex. fuga, canon). O espazamento dos acordes tamén se pode considerar un aspecto da textura; tamén pode o "grosor" dunha sonoridade determinado polo número de partes, a cantidade de duplicación ao unísono ou a oitava, a "lixerezza" ou o "peso" das forzas interpretativas implicadas e a disposición das liñas instrumentais nunha obra orquestral.